



O Seminario de Estudos do Valadouro organiza o I Certame de Curtas Alfoz-Valadouro, que se englobará dentro da celebración do VI Festi-Val de Cine Alfoz-Valadouro, e que se rexerá polas seguintes BASES:

1. Traballos a presentar:

- Os traballos presentados deberán ter unha duración máxima de 10 minutos e estar rodados nos anos 2018, 2017, 2016 ou 2015.
- Pode presentar traballos calquera persoa que o desexe, sen límite de idade nin procedencia.
- A temática do vídeo é libre. A organización resérvase o dereito de rexeitar aquelas creacións nas que se fomente o racismo, o machismo, a homofobia ou a vulneración de calquera dos dereitos humanos recollidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos.
- Os autores serán os únicos responsables do contido das pezas presentadas. Pódense presentar ata tres producións por persoa.
- Se se inclúe banda sonora no traballo, esta deberá estar libre de dereitos de autor ou contar coa autorización do propietario dos dereitos para a súa exhibición.
- A lingua principal do vídeo deberá ser o galego, podendo aparecer outras linguas de forma minoritaria. Corresponde á Organización decidir se o uso doutra lingua é minoritario ou non.

2. Presentación dos traballos:

- Para presentar un vídeo ó certame deberase enviar un correo electrónico a peinoster@gmail.com co asunto "I Certame Curtas Alfoz-Valadouro", no que se incluírán as seguintes cousas:
 - Título do vídeo.
 - Descrición da gravación (tres ou catro liñas).
 - O vídeo pódese presentar de tres formas: cunha ligazón a un servidor en internet como Mega, Wetransfer ou similares, no que se colgará o vídeo, a fin de que o Xurado poida baixalo e visionalo; en formato DVD ou gravado nun pen drive (os que elixan formato DVD ou pen drive deben envialos a José Vázquez Peinó, Rúa Congostra, nº 22, Portal 3, 4º A, 27780 Foz, LUGO).
 - Nome do Director do vídeo.
 - DNI do participante.
 - E Mail do participante.
 - Teléfono do participante.
 - Un fotograma ou imaxe representativa do filme, para a súa exposición en carteis e anuncios do Certame.

3. Prazo de presentación:

- Os traballos deberán presentarse antes do 9 de febreiro de 2018.

4. Fases do Certame: o certame divídese en dúas fases:

- 1ª FASE: Un Xurado de xente do mundo do cine, escollida pola Organización do Certame, elixirá 8 traballos finalistas entre todos os presentados.
- 2ª FASE: O sábado 10 de marzo de 2017 proxectaranse en público, dentro do VI Festi-Val de Cine Alfoz-Valadouro, os 8 traballos finalistas. O Xurado, presente na sala, escollerá dous premios: un 1º Premio á Mellor Película, dotado con 300 euros e unha estatuílla representativa



do Certame; e un Premio á Mellor Película do Val, presentada por persoas de Alfoz e O Valadouro, dotado con 150 euros e unha estatuílla. Igualmente ese mesmo día o público asistente votará pola mellor película presentada e cos votos do público escollerase o Premio do Público, dotado tamén con 150 euros e unha estatuílla.

Alfoz, a 17 de novembro de 2017.